

**Acta núm. 06/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 14 de abril de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
Non asiste:
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 14 de abril de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2026, DO 31/03/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 05/2026, DO 31/03/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 31.03.2026, acta núm. 05/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por YAGO MEILÁN IGLESIAS, na que comunica que vai construír unha beirarrúa de formigón no interior da parcela sita no lugar de Tembra 28, Boullón. A devandita beirarrúa bordeará a vivenda cun ancho aproximado de 3,5 m. e unha superficie total de 140 m².

A parcela (referencia catastral 4144301NH2444N0001LT) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A soleira terá un acabado en ton ocre, dentro dunha gama cromática similar á da pedra.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 46,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 110,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Juárez Martínez, que di actuar en representación de JOSÉ VICENTE CARREIRA BARRERA, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (9) para autoconsumo na cuberta da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa nº 2, Os Ánxeles, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Juárez Martínez, que conta co visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Valencia (núm. VA03060/26).

A vivenda (referencia catastral 6246104NH2464N0001BD) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 151,90 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 216,47 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Juárez Martínez, que di actuar en representación de RAQUEL LÓPEZ MARTÍNEZ, na que comunica que vai instalar placas fotovoltaicas (6) para autoconsumo, dispostas de xeito coplanario sobre a cuberta da vivenda sita na Urbanización Agro Novo nº 109, Os Ánxeles, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Pablo Juárez Martínez, que conta co visado do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Valencia (núm. VA02907/26).

A vivenda (referencia catastral 6446902NH2464N0001KD) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 115,54 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 180,11 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por YEBRA PIMENTEL VILAR, na que comunica que vai executar obras de construción dunha edificación auxiliar destinada a garaxe, cunha superficie construída de 45 m², que se situará ancorada aos lindeiros sur e oeste da parcela onde se atopa a vivenda nº 18 do lugar de Cabreiros, Brión. Trátase dunha edificación dunha única planta, aberta, sen peches verticais, sustentada por catro columnas de formigón situadas nos vértices da planta. Disporá dunha cuberta a unha auga, resolta con viguetas, fibrocemento e tella, evacuando as augas cara ao interior da parcela. A altura na fronte (aleiro) será de 2 metros e a edificación situarase a unha distancia de 7 metros do eixo da pista, en cumprimento das condicións establecidas pola ordenanza de aplicación.

A parcela (referencia catastral 6161405NH2466S0001WO) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A cuberta da edificación deberá presentar unha pendente mínima de 26,56º (50%). Así mesmo, a totalidade da edificación deberá situarse a unha distancia mínima de sete metros respecto do eixo da pista.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 49,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 113,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ FERREIRO VILLAR, na que comunica que vai ampliar un galpón existente de 48 m², destinado a garaxe e autorizado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.11.2018. O galpón actual atópase arrimado aos lindeiros sur e oeste da parcela sita no lugar de Sabaxáns – Bastavales.

A ampliación cunha superficie de 30 m², executarase polo lindeiro leste da edificación, tamén arrimada ao lindeiro sur da parcela, mantendo a mesma configuración que a existente no relativo á altura no aleiro, á pendente da cuberta e á súa orientación cara ao interior da parcela. A ampliación executarase con fábrica de bloque cara vista nas fachadas e cuberta de tella cerámica.

A parcela (referencia catastral 8014702NH2481S0001XQ) na que se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A cuberta da edificación terá unha pendente mínima de 26,56° (50%).
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 164,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES BELLO VILLAVERDE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita en Souto nº 3 – Os Ánxeles, substituíndo a tella vella existente por outra nova das mesmas características (tella cerámica curva).

A parcela (referencia catastral 5836408NH2453N0001KG) onde se pretenden executar as obras, está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 169,12 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 233,69 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Castro Pais, que di actuar en representación de JOAN CARLES SANTOS BARREIRO, na que comunica que vai construír un peche, en Tembra 60 - Boullón, de 42 ml. en perpiaño gris, ata unha altura de 1 m. e táboas de madeira por enriba, ata unha altura total inferior a 1,80 m. O peche situarase a 5,5 metros do eixe do vial e inclúe a colocación dun portal de acceso para vehículos.

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral núm. 4245622NH2444N0001WT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA SOLEDAD PÉREZ-ABADÍN BARRO, na que comunica que vai realizar traballos de pintado das fachadas, así como a limpeza e impermeabilización da pedra que conforma o zócalo das mesmas, na vivenda sita en Chave de Ponte nº 41 -Bastavales.

A edificación onde se vai executar a obra (referencia catastral núm. 8712211NH2481S0000SM) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas deberán quedar pintadas en tons preferentemente claros, consonte co establecido no artigo 91 da Lei do solo de Galicia.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,08 euros.
- Total: 90,08 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Alberto Blanco Morales, que di actuar en representación de PATRICIA FIGUEROA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai executar obras de mantemento e conservación na cuberta dunha antiga vivenda tradicional sita no lugar de Soigrexo nº 27 – Os Ánxeles, así como a limpeza das súas fachadas.

As actuacións previstas teñen como obxectivo principal corrixir os problemas de filtración existentes na cuberta. Para iso, procederase á retirada da cobertura de tella, á súa reposición e á substitución parcial das pezas deterioradas. Así mesmo, executaranse traballos de impermeabilización na liña de cumieira e nos encontros con chemineas e paramentos verticais. Complétase a intervención coa instalación de novos canos e baixantes.

En relación coas fachadas de mampostería, levarase a cabo a súa limpeza mediante auga a presión e o posterior encintado das xuntas con morteiro bastardo de cor ocre.

A edificación na que se van executar as obras (referencia catastral núm. 6843813NH2464S0001HZ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 111,56 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 176,13 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Saqqara Ingeniería S.L., que di actuar en representación de ON TOWER TELECOM INFRAESTRUCTURAS, S.A., na que comunica que vai instalar unha infraestrutura de telecomunicacións nunha parcela rústica situada nas inmediacións da aldea da Igrexa – Luaña.

A infraestrutura consonte coa documentación técnica asinada pola enxeñeira técnica industrial Cristina Rial Parrondo, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Industriais de Toledo (núm. visado 2503307), consiste en executar un recinto valado de dimensións en planta de 7 x 5 m. (35 m²), sobre o que se vai instalar unha torre de 40 metros de altura.

O perímetro do recinto executarase cun panel ríxido modular metálico sobre unha base de bloques de formigón, cunha altura de 2,00 metros. Situarase a máis de 5 metros do lindeiro norte e a 9,00 metros do eixo da pista municipal de acceso á parcela. Tamén se proxecta acondicionar un acceso ou plataforma de rodadura dentro da propia parcela, cunha lonxitude de 120 metros, sen realizar movementos de terra que alteren a rasante natural do terreo nin empregar materiais artificiais, só se realizarán labores de roza e limpeza no seu trazado.

A parcela (referencia catastral 15013A018001360000US) sobre a que se pretende executar a instalación da infraestrutura de telecomunicacións aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes da Consellería do Medio Rural de data 23.03.2026, e do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os paramentos verticais de fábrica de bloque que conforma o recinto deberán de ir revestidos e pintados en tons claros.
- Para calquera outro tipo de obra ou actuación accesoria, como as de infraestrutura de subministro e conexión eléctrica e/ou telefonía, deberase de tramitar un novo título habilitante municipal.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 256,90 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 321,47 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita o modificado da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.06.2024, para a substitución de tres apoios entre AP.6 e AP.29, na liña existente denominada (LAT 66 KV C1

TAMBRE 2 - NEGREIRA), que discorre pola aldea de Cornanda – Brión, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Ricardo Lago Alonso, visado en data 03.12.2021 (expte.: 20213737).

A modificación pretendida segundo proxecto “Modificado Lat 66kv C1 Tambre 2 – Negreira, distancias antirregulamentarias entre AP.6 e AP.29” redactado polo enxeñeiro industrial Ricardo Lago Alonso, asinado con data de 08.11.2024, afecta aos apoios 21N, 27N e 28N os cales vanse a desprazar, mantendo na situación de orixe o apoio 20N.

Os apoios a desprazar sitúanse dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo rústico, dentro da categoría de protección forestal.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes da Consellería do Medio Rural, de data 12.12.2024, do Servizo de Enerxía e Minas do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña de data de 30.12.2025, e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 208,33 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 272,90 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 96,60 Kw a un edificio de vivendas sito na Rúa do Gafo nº 1 - Os Ánxeles, abrindo unha gabia de 2 ml, sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez en data 26.03.2026.

A edificación obxecto de subministro (referencia catastral 7450846NH2475S0000BK) sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 99,21 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,84 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,41 euros

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Pablo Castro Pais, que di actuar en representación de JOAN CARLES SANTOS BARREIRO, solicitando licenza para a construción dun muro de contención en Tembra 60 – Boullón, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.02.2026 (expte.2600495).

A parcela onde se vai executar a obra (referencia catastral núm. 4245622NH2444N0001WT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

Antecedentes:

1. Con data 19.05.2009 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a CARLOS SEÑORIS CARBALLO para a construción dunha vivenda unifamiliar de planta soto, planta baixa e baixo cuberta a emprazar en Tembra nº 60 – Boullón.

2. Con data 31.05.2011 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a CARLOS SEÑORIS CARBALLO para obras de modificado de proxecto para a construción dunha vivenda unifamiliar en Tembra nº 60 – Boullón, cuxa licenza foi concedida pola Xunta de Goberno Local o 19.05.2009, segundo proxecto modificado básico e de execución asinado polo arquitecto Juan José Rey García con visado do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia do 13.05.2011. Os cambios consisten na eliminación do porche traseiro da vivenda e modificación da configuración da planta soto.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Pablo Castro Pais, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.02.2026 (expte.2600495).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración

de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser po un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 826,77 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 922,80 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,16 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González